

Axudas para a creación de empresas para agricultores/as mozos/as e para o desenvolvemento de pequenas explotacións

Normativa:

Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se convocan para o ano 2016 as axudas para apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas

Amplíase o prazo de presentación das solicitudes ata o día 2 de abril, incluído.

Creación de empresas para os agricultores novos

Requisitos dos beneficiarios

- a. Ser agricultor ou agricultora mozo/a.
- b. Cumprir a condición de agricultor/a profesional.
- c. Posuír o nivel de capacitación profesional suficiente no momento da solicitude da axuda, segundo se establece no Decreto 200/2012, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, ou comprometerse a adquirilo nun prazo improrrogable de 36 meses desde a instalación.
- d. A explotación en que se produce a instalación debe alcanzar, como incorporación do mozo ou moza, unha renda unitaria de traballo igual ou superior ao 35 % da renda de referencia anual e inferior ao 120 % desta.
- e. Cumprir o plan empresarial.
- f. Non ter rematado o proceso de instalación antes da solicitude da axuda.
- g. Exercer o control efectivo da explotación.

Contía e tipo de axuda

A axuda terá carácter de pagamento a tanto global, concederase pola execución do plan empresarial e consistirá nunha prima cuxa contía básica se establece en 20.000 euros, e poderá incrementarse nas seguintes situacións, sen que a axuda total supere os 70.000 euros.

- a. De acordo co volume de gasto necesario para a posta en marcha da explotación ou instalación do mozo/a (exclúese a achega ao capital social): de 12.000 € a 45.000 €
- b. Creación de emprego adicional a tempo completo na explotación, ademais da man de obra correspondente á persoa moza instalada: 20.000 €.
- c. Instalarase nunha explotación localizada nunha zona con limitacións naturais ou outras limitacións específicas recollidas no artigo 32 do Regulamento (UE) 1305/2013: 5.000 €

Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas

Requisitos dos beneficiarios

1. Ser titular dunha explotación agraria inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, de acordo co Decreto 200/2012, do 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, excepto para as persoas mozas que se instalen nunha explotación de nova creación.
2. As persoas físicas solicitantes deberán ter dezaoito anos feitos e non ter alcanzado a xubilación.

3. Posuír a capacitación profesional suficiente no momento da solicitude, como se establece no Decreto 200/2012, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, agás no caso de primeira instalación simultánea. As persoas xurídicas deberán acreditar que, polo menos, o 50 % dos socios posúe a capacitación suficiente.
4. Comprometerse a exercer a actividade agraria na explotación obxecto da axuda durante, polo menos, cinco anos contados desde a data de pagamento da axuda.
5. Levar a cabo un plan que mellore o rendemento global da explotación.
6. Cumprir as normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais, de conformidade coa normativa comunitaria e nacional, coa propia orde e co Programa de desenvolvemento rural de Galicia aprobado pola Unión Europea.
7. Cando a explotación pertenza a unha comunidade de bens, estas deberán acreditar a súa constitución e que polo menos o 50 % dos comuneiros ou comuneiras reúnen os requisitos establecidos para os titulares persoas físicas, e poderán resultar beneficiarias da axuda, coa condición de que cumpran as exixencias previstas para estas agrupacións no artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. A renda unitaria de traballo, no momento de realizar a solicitude, debe ser igual ou superior ao 35 % da renda de referencia, agás que se trate dun plan de mellora dun agricultor/a mozo/a que presente simultaneamente unha primeira instalación.
9. En calquera caso, serán denegadas aquelas solicitudes de axuda cando a explotación ou o petionario estivese pendente de presentar a solicitude de pagamento dun plan de mellora aprobado nunha convocatoria anterior, na data en que remata o prazo para a solicitude.

Custos subvencionables

Serán elixibles os investimentos materiais e inmateriais que supoñan unha mellora do rendemento global, a competitividade ou a viabilidade da explotación. En particular:

- a. A construción, adquisición ou mellora de bens inmobles.
- b. A compra de nova maquinaria.
- c. Os custos xerais vinculados aos gastos recollidos nas letras a) e b), tales como honorarios dos enxeñeiros que elaboren os proxectos de construción ou reforma, os estudos de viabilidade, permisos ou licenzas.
- d. Plantación e mellora de cultivos leñosos de aptitude frutícola (árbores e arbustos froiteiros, a excepción dos incluídos na medida 8 do PDR de Galicia 2014-2020).
- e. A compra de terreos por un valor inferior ao 10 % do custo subvencionable.
- f. Adquisición ou desenvolvemento de programas informáticos.

Contía e tipo de axuda

O importe da axuda será do 40 % dos custos elixibles, que poderá incrementarse ata un máximo do 80 % en función da aplicación dos seguintes criterios:

- 10 % cando o beneficiario sexa un agricultor mozo ou que se tivese instalado durante os cinco anos anteriores á solicitude da axuda. Neste último caso, os solicitantes deben seguir sendo mozos na data da solicitude da axuda.
- 10 % no caso de investimentos en zonas con limitacións naturais segundo o Regulamento (UE) 1305/2013.
- 10 % no caso de operacións subvencionadas no marco da Axencia Europea da Innovación en materia de produtividade e sustentabilidade agrícola.
- 10 % no caso de investimentos relacionados con operacións en medidas agroambientais ou agricultura ecolóxica.

Prazo

Ata o día 2 de abril de 2016, incluído.

